

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 17 DE DECEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego A. Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día dezasete de decembro de dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente en funcións, D. Diego A. Taibo Monelos (resolución da alcaldía do día 14 de decembro de 2018) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 3 DE DECEMBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de decembro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 3 de decembro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

Non hai ningún escrito nin comunicación.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

Código do documento	Código do expediente
USG12I0193	USG/2018/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
225V 1B3Q 734L 4T18 012A	

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: Obradoiro de cine en 3D.

Programa: Educación musical e artística.
Datás: 18 de decembro.
Horario: de 9:00 a 11:30 h.
Colexios participantes: IES Blanco Amor e IES Rego de Trabe.
Curso: 2º de ESO.
Nº participantes: 232.
Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

ACTIVIDADE: Obradoiro de animación dixital.

PROGRAMA: Educación musical e artística.
DATAS: 19 de decembro.
HORARIO: de 9:00 a 11:30 h.
Colexios participantes: IES Rego de Trabe.
Curso: 3º de ESO.
Nº participantes: 126.
Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 17 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.00 h:
Concerto didáctico de guitarra, a cargo de alumnos/as de Víctor Illán.
Entrada libre.

MARTES 18 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:
Concerto didáctico de piano, a cargo de alumnos/as de Alís Polo.
Entrada libre.

MARTES 18 DE DECEMBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Proxección do documental *Desafío do Sil*, de D. D. Docampo, do que é produtor executivo o veciño de Culleredo Manolo Gómez. Entrada libre.

MÉRCORES 19 DE DECEMBRO

Hall do andar C. 18.00 h: *Concerto express*, a cargo de alumnos/as de piano de Susana Polo.
Salón de actos do Conservatorio. 20.00 h: Concerto didáctico de piano, a cargo de alumnos/as de Elena González.
Entrada libre.

XOVES 20 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.00 h:
Concerto didáctico de guitarra, a cargo de alumnos/as de Salvador López.
Entrada libre.

VENRES 21 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:
Concerto de Nadal solidario a prol da *Cruz Vermella*.

VENRES 21 DE DECEMBRO

Biblioteca "González Garcés" do Burgo. 18.30 h:
Contacontos coa Dragóna Ramona: *As aventuras da mazá vermella*.
A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 21 DE DECEMBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Contraproducións: *Commedia*.
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

SÁBADO 22 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo.
Sesións ás 18.00 e 20.00 h:
GALA DE NADAL DE TEATRO EL RUISEÑOR.

VENRES 28 DE DECEMBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Odaiko: *Mar adiante*.
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
27/11/18	1835	Conceder o Servizo municipal de Axuda no fogar.	M. S. V.	Dez horas á semana (agás festivos).
27/11/18	1836	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	S. L. C.	Cinco horas á semana (agás festivos).
28/11/18	1847	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.	J. G. D.	
28/11/18	1848	Aceptar o desestimento da solicitude dos servizos municipais de Xantar na casa e Teleasistencia domiciliar e declarar concluído o	D. S. R.	

C.I.F. P-1503100-H

		procedemento.		
28/11/18	1849	<p>Conceder o Servizo municipal de Axuda no fogar.</p> <p>Conceder o Servizo de Xantar na casa.</p> <p>Conceder o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria para persoas non dependentes.</p>	M.C.F.G.	<p>2 horas á semana (agás festivos).</p> <p>Sete días á semana.</p>
28/11/18	1850	<p>Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.</p> <p>Conceder o servizo de Xantar na casa.</p> <p>Conceder o servizo de Teleasistencia Domiciliaria.</p>	B. M. T. e M. B. L.	<p>Cinco horas á semana (agás festivos).</p> <p>Sete días á semana .</p>
29/11/18	1861	Aceptar o desestimento da solicitude dos servizos municipais de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria, e declarar concluso o procedemento.	E. L. L. e E. F. R.	
03/12/18	1879	<p>Conceder o Servizo Municipal de Axuda no Fogar para atender as súas necesidades básicas da vida diaria.</p> <p>Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliaria.</p>	E. L. U.	Cinco horas á semana (agás festivos)
03/12/18	1880	Denegar o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata dúas veces o IPREM actualmente en vigor.	M. T. A. C.	
03/12/18	1881	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta no sistema de Dependencia cunha prestación de 5 horas mensuais o día 01/12/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	A. A. A. L.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I0193	USG/2018/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 225V 1B3Q 734L 4T18 012A	

C.I.F. P-1503100-H

03/12/18	1882	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta no sistema de Dependencia cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/12/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	M. V. B.	
03/12/18	1883	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta no sistema de Dependencia cunha prestación de 46 horas mensuais o día 01/12/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	J. B. L.	
03/12/18	1884	Aceptar o desestimento da solicitude do Servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	F. R. L.	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
29/10/2018	1671	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	M.C.B.L.	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º, 2º,e 3º trimestre de 2018.	183,53€
				Pago do recibo da luz correspondente ao período comprendido entre o 8 de novembro de 2017 e o 14 de agosto de 2018.	265,81€
22/11/18	1815	Conceder unha axuda	M. T. T.	Pago de aluguer	900,00 €

5 de 10

C.I.F. P-1503100-H

		económica		correspondente aos meses de maio a xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300 €.	
22/11/18	1816	Conceder unha axuda económica.	J. B .M.	Pago de cotas pendentes de aluguer correspondente aos anos 2017 e 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Recibo de auga pendentes correspondentes aos anos 2017 e 2018. Pago de recibos de luz pendentes correspondentes aos anos 2017 e 2018.	1.075,68 €
22/11/18	1817	Conceder unha axuda económica.	R. O. R.	Pago de recibo de contribución correspondente aos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Recibo de auga correspondente ao primeiro, segundo o terceiro trimestre de 2018. O pago efectuarase a través do proveedor. Pago de recibos de electricidade, correspondente ao período do 04 de decembro de 2017 ata o 05 de setembro de 2018.	538,82 € 173,52 € 351,22€
28/11/18	1851	Conceder unha axuda económica.	J. C. A. B.	Pago de aluguer, correspondendo 250 € os meses de agosto, setembro, outubro e novembro e 75,68 € o mes de decembro	1.075,68 €
28/11/18	1852	Conceder unha axuda económica.	P. E. R.	Pago de aluguer, correspondendo 300 € os meses de setembro,	1.075,68 €

Código do documento	Código do expediente
USG12I0193	USG/2018/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 225V 1B3Q 734L 4T18 012A	

C.I.F. P-1503100-H

				outubro e novembro e 175,68 € o mes de decembro de 2018.	
28/11/18	1853	Extinción da axuda económica correspondente ao recibo de hipoteca do mes de maio de 2017 por desaparecer as causas que deron lugar a súa concesión. A anulación do talón bancario por importe de 256 €.	M. I. M. P.		
28/11/18	1856	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de transporte correspondente ao mes de setembro.	36,71 €
03/12/18	1877	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	M.A.R.M.	Pago do recibo de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2018	79,66€
03/12/2018	1878	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago	F.P.G.	Pago dos recibos de electricidade correspondentes ao período que vai dende o 09/10/2017 ao 06/12/2017 (163,12 €), do 07/12/2017 ao 07/02/2018 (176,21 €), do 08/02/2018 ao 16/03/2018 (113,49 €), do 16/03/2018 ao 08/04/2018 (33,77 €), do 08/04/2018 ao 08/05/2018 (47,49 €), do 08/05/2018 ao 07/06/2018 (50,28 €), do 07/06/2018 ao 08/07/2018 (53,64 €), do 08/07/2018 ao 08/08/2018 (55,83 €) e do 08/08/2018 ao 09/09/2018 (64,64 €)	

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
29/10/2017	1665	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de	M.D.P.V.R.	10 anos

		discapacidade.		
29/10/2018	1666	Conceder a tarxeta de estacionamento provisional por razón de discapacidade.	A.E.L.	1 ano
12/11/2018	1734	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	C.L.R.	10 anos.
27/11/18	1837	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	M. M. P. C.	10 anos
27/11/18	1838	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	C.F.F.	Con carácter PROVISIONAL ata o 31/10/19.
03/12/18	1876	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	L.R.M.	Con carácter PROVISIONAL ATA O 17/09/23.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

XUNTANZA DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS DE BENESTAR :

****Voluntariado:**

CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO 2018:

O martes 4 de decembro ás 17:00h, a Concellaría de Benestar e Igualdade, celebrou unha Xornada co motivo do Día Internacional do Voluntariado no Centro Cívico Municipal "Virxinia Blanco" de Fonteculler. Esta xornada organizada dende a Oficina Municipal do Voluntariado (OMVOL) tiña como obxectivo visibilizar e dar valor a acción voluntaria que os voluntarios e voluntarias prestan no Concello de Culleredo. Contou coa presenza da concelleira da área de Benestar Social e Igualdade. Desenvolveuse unha mesa de experiencias compartidas na que participaron persoas que realizan o seu voluntariado en diversos espazos e proxectos municipais, técnicos municipais e de asociacións municipais responsables dalgúns destes espazos. Durante a xornada deuse lectura ao Manifesto do Día Internacional do Voluntariado 2018."

2.2.3.- O Sr. Alcalde-Presidente en funcións dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas da Concellaría delegada da Área de Urbanismo:

"COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 03 de decembro de 2018, a comunicación previa presentada por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., para illamento acústico e tratamento das instalacións do CPO da empresa de telecomunicacións, nun local situado en Rúa Amparo López Jeán 22, baixo, parroquia de Rutis, (Exp. UAU/2018/797).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 11 de decembro de 2018, a comunicación previa presentada por G.A.G., para realización de catro calas en terreos con reposición en parcela situada na Rúa Cillobre, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2018/450).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 12 de decembro de 2018, a comunicación previa presentada por HOSTAL BEIRAMAR, S.L. para obras de conservación interior consistentes en substitución de alicatados e solados en local situado en Rúa Hersa núm. 10, baixo, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/445).

Código do documento	Código do expediente
USG1210193	USG/2018/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
225V 1B3Q 734L 4T18 012A	

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 12 de decembro de 2018, a comunicación previa presentada por CONSTRUSANTOS G.S.L., para obras de reforma baño en vivenda situada en Rúa Sanjurjo de Carricarte, 4 – 1º Ezqd. (exp. UAU/2018/446).”

2.3.- DECRETO DO 09-10-2018 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 3 003 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 7282/2016.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto do 9 de outubro de 2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sec. 3 003 da Coruña no Procedemento Ordinario 7282/2016 sobre expropiación forzosa (no que o fallo inadmite o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello de Culleredo en relación coa resolución do Xurado de Expropiación de Galicia da finca Nº 2 do proxecto "01323 TERREOS PARA EQUIPAMENTO ESCOLAR E ZONA VERDE ANEXA NA AVENIDA DE RUTIS S/N, ZONA LAVANDEIRA. TM CULLEREDO"). O dito decreto acorda declarar a firmeza da sentenza e a remisión do expediente administrativo á Administración demandada, xunto coa certificación da sentenza, interesando acuse de recibo no prazo de dez días e verificado archivar as actuacións.

2.4.- DECRETO DO 09-10-2018 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 3 003 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 7284/2016.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto do 9 de outubro de 2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sec. 3 003 da Coruña no Procedemento Ordinario 7284/2016 sobre expropiación forzosa (no que o fallo inadmite o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello de Culleredo en relación coa resolución do Xurado de Expropiación de Galicia da finca Nº 1B do proxecto "01323 TERREOS PARA EQUIPAMENTO ESCOLAR E ZONA VERDE ANEXA NA AVENIDA DE RUTIS S/N, ZONA LAVANDEIRA. TM CULLEREDO"). O dito decreto acorda declarar a firmeza da sentenza e a remisión do expediente administrativo á Administración demandada, xunto coa certificación da sentenza, interesando acuse de recibo no prazo de dez días e verificado archivar as actuacións.

2.5.- DECRETO DO 09-10-2018 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 3 003 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 7285/2016.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto do 9 de outubro de 2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sec. 3 003 da Coruña no Procedemento Ordinario 7285/2016 sobre expropiación forzosa (no que o fallo inadmite o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello de Culleredo en relación coa resolución do Xurado de Expropiación de Galicia da finca Nº 1C do proxecto "01323 TERREOS PARA EQUIPAMENTO ESCOLAR E ZONA VERDE ANEXA NA AVENIDA DE RUTIS S/N, ZONA LAVANDEIRA. TM CULLEREDO"). O dito decreto acorda declarar a firmeza da sentenza e a remisión do expediente administrativo á Administración demandada, xunto coa certificación da sentenza, interesando acuse de recibo no prazo de dez días e verificado archivar as actuacións.

2.6.- SENTENZA 252/2018 DO XULGADO DO PENAL NÚM. 5 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 162/2016.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 252/2018 do Xulgado do Penal núm. 5 da Coruña no Procedemento Abreviado 1262/2016, o fallo condena aos acusados R.E.M.G., L.M.C.M. e M.C.A.M. como autores responsables dun delito de atentado, coa concurrencia da circunstancia atenuante de reparación do dano, á pena de 3 meses de prisión a cada un dos acusados coa accesoria de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena e como autores responsables dun delito leve de lesións á pena de multa de 20 días cunha cota diaria de 5€ a cada acusado e ao pago das custas procesuais polos tres acusados. En concepto de responsabilidade civil os acusados indemnizarán conxunta e solidariamente ao Policía Local 094.027 na suma de 200€ polas lesións, suma que xa está consignada, e ao SERGAS na cantidade que se determine en execución de de sentenza pola asistencia prestada ao prexudicado. Suspéndese polo prazo de 2 anos a execución da pena de prisión imposta ao tres acusados, a suspensión queda condicionada a que os acusados non delincan durante o período de suspensión e a que abonen a responsabilidade civil, quedando revogada a suspensión se incumplen tales condicións. Declárase a firmeza da resolución.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I0193	USG/2018/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
225V 1B3Q 734L 4T18 012A	

2.7.- RESOLUCIÓN DO 23-11-2018 DE AUGAS DE GALICIA DO EXPEDIENTE SANCIONADOR CLAVE: DH.D15.60680.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución do expediente sancionador clave DH.D15.60680 da Dirección de Augas de Galicia en relación coas "Obras de ampliación dun tramo do paseo fluvial do río Trabe e modificación do noiro da coeira, sen autorización e incumprindo as condicións establecidas na resolución de autorización outorgada no expediente DH.W15.55926, con data 23/06/2017". A resolución declara ao Concello de Culleredo responsable dunha infracción administrativa e imponse unha sanción de 1.000,00€.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde accidental

C.I.F. P-1503100-H

(Asinado dixitalmente en esta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente en esta acta en calidade de alcalde accidental pola resolución referenciada no encabezamento).